



Á fala con Castelao

RICARDO CARBALLO CALERO



Houbo un intre en que todas as forzas políticas e todos os escritores políticos de Galiza —coa excepción, naturalmente, das que detetaban o poder e os que estaban ao servizo do poder— rivalizaban en fazer a apologia ou o panegírico de Castelao. Era nos tempos en que Franco dittaba a España as suas ordes desde o Pardo, e os imediatamente seguintes, os primeiros da actual Monarquía. Por suposto, aquelas apologias, aqueles panegíricos revestían inicialmente a forma de ladañas susurrantes e de rosários con surdina, poiso non era tempo de Castelao era un inímigo público, condenado en rebeldia, e que debía a vida ao non estar ao alcance da justiza. Os sobreviventes do bando que fora vencido na guerra civil, educados no cariño e na admiración ao que se estimaba unha das manifestacións más auténticas e geniais da espiritualidade galega, tiñan sempre os ollos do corazón conversos á figura lendária, ainda ergueita sobre a terra da vida, sempre en Galiza, ainda que fora dela, que desde o exilio animaba a esperanza dun futuro mellor.

As novas gerazóns pouco sabían do escritor, do artista, do patriota, ian descubrindo-a pouco a pouco e interpretando-a míticamente, única forma de apresión intelectual dunha entidade tan embrullada na brétema do tempo e da distancia. Conforme a ajuda económica norteamericana impuxo as bases militares conjuntas, a presenza

de técnicos militares e civís, a permanencia nas praias, fóra da agua, de bañistas sen albornoz, a tolerancia do bikini e a convivencia de persoas de distinto sexo en lugares nos que a separación era a doutrina e a lei do sistema, fixo-se imposible o mantemento dos ideais más caros ao poder dominante, e os dólares da ajuda, o leite en po, a equipa militar, a filmoteca inevitavelmente introduciron nos costumes un certo sorriso, as mulheres puderón liberarse das meias sen risco de seren lapidadas, e de Castelao, sequer como escritor e artista, foi posibel falar en alta voz. Logo, na deriva das cousas estaba o interese polo pensamento de Castelao entre a banda de acá e a de alá,

já non pode citar a Castelao como Pai da sua Igrexa. Castelao non é ainda combatido de frente, mais comeza a ser silenciado en moitos meios nos que a outrora era considerado o Espírito Santo da Nosa Terra, e Sempre en Galiza como a Bíblia do Galeguismo.

Agora todo está no seu sitio. Agora so son casteláis os casteláis.

Para estes, para os amigos, para os admiradores de Castelao, para os devotos de Castelao —sen que esta amizade, esta admiración, esta devoción entraña superstición irracional, fanatismo cego ou santificación beatificante—, todo o que se refira a Castelao é interesante, nada hai que non teña interés na súa biografía, na sua bibliografía. Para estes escreben estas liñas, que querén divulgar e pontualizar un pormenor da súa vida, unha incidencia da súa carreira, pouco ou mal coñecida.

Trata-se do frustrado nomeamento do riantero para representar o Goberno da República na República Argentina. ¿Como embaixador? Iso ten dito ou escrito nunha ocasión Emilio González López, que se cadraxou de perta os acontecimentos, porque, deputado a Cortes con Castelao, se achaba, como el, na zona republicana; e iso ten repetido recentemente Valentín Paz Andrade, que é testemuña de segunda man, porque, non sendo deputado a Cortes con Castelao, ainda que concorrera ás

Pasa á pág. seguinte

Ven da páx. anterior
mesmas eleccións, se achaba na zona franquista, incomunicado co autor de Sempre en Galiza.

Sen embargo, ainda que esta rectificación non afecte á substancial do feito, o posto que se ofereceu a Castelao non era o de embaixador. Ainda que xefe da representación diplomática española en Buenos Aires, Castelao, de consumar-se o projeto, ostentaría o título de ministro plenipotenciario. As circunstancias non facían posibel o outorgamento de placet por parte da República Argentina, o que era indispensábel para acreditar naquel país un embaixador. Tal requisito non se impúfia para o nomeamento dun ministro plenipotenciario.

Era o estado de guerra en que se atopaba España o que non permitía imputar o placet para un embaixador. ¿Trataba-se dunha práctica de Direito Internacional de geral vigencia? ¿Debemos referir esa particularidade á política diplomática da República do Plata? Agora non o sabería dizer. A miña impresión hoje, ao lembrar as explicacións que hai máis de cuarenta e cinco anos, me deu sobre o particular Castelao, é a de que se trataba dunha práctica geral. Sérabán talvez os historiadores ou os especialistas en Dereito Internacional. Eu refiro o que lembro, e non decido o que dubido, se ben anoto as miñas impresións sobre o sentido das palabras lembradas. Esta é unha cuestión técnica que non afecta a realidade dos feitos.

Como é sabido, Castelao achaba-se en Madrid cando estallou a guerra civil. Eu tamén. Via a Castelao frecuentemente. Se non me confundo con algúna outra coincidencia anterior na capital da República, aíos concorríramos a un Lucky Club, instalado nun andar da ringleira de casas á esquerda indo para a rua de Alcalá, no trozo máis céntrico da Gran Vía. Non sei se nos víamos taménalguns cafés que eu visitaba, o Acuario, a Granda Henar, o Negresco, todos no trozo máis céntrico de Alcalá. De todos os jeitos, eu non dispúa de muito tempo para cafés e tertúlias, pois estaba inscrito nun cursos para profesores que se celebraban no vello casarón de San Bernardo. Así que facía vida de opositor, dabondo isolado, e as miñas principais relacións eran as que sostinha cos meus compañeiros de exercicios para acceso ao profesorado oficial. Ainda que non intimei con todos, había entre eles alcuni que levaban famosos apelidos, como Gonzalo Menéndez-Pidal, Isabel García Lorca, Laura de los Ríos e José María Quiroga Pla. Ali viviu os trágicos acontecimentos da preguerra, como os asasinatos de Castillo e Calvo Sotelo, e, logo, o 18 de julio. Aínda lembro os chios das bandas de paxaros esterrecidos polos ceus de Madrid perante as detonacións que balizaban a tomada do Cuartel de Montaña, e que eu escutaba desde o terrado da miña pensión da rua do Pez. Lembro que fun a pensión en que Castelao vivía, non ben as forzas más ou menos aliadas co Goberno de Madrid dominaron aos insurretos, mais non teño a menor idea da ubicación da casa. En troques, lembro mui ben a Castelao en pijama, senta nun sofá, e quizás entón coñecin a Virginia. Mais como Castelao


vo a conformidade do Ministro.

Entretanto, sobreveu unha crise de Goberno. O presidido por Francisco Largo Caballero foi substituído polo presidido por Juan Negrín. (posto de Alvarez del Vayo foi ocupado por José Giral, Doutor en Farmácia, Catedrático da Universidade de Madrid, político ben coñecido, afiliado a Izquierda Republicana o presidente que foro do goberno entre o 19 de julio e o 4 de setembro de 1936. Castelao suspendeu as visitas que viña realizando ao Ministério para o estudo dos asuntos concernentes ás relacións da República Española coa República Argentina, pois o cese do Ministro que as promovera, así o exigía. O novo Ministro non renovou a invitación. Ao referir-se a este feito, Castelao non ocultaba a impresión negativa que lle producía a conducta do Catedrático da Facultade de Farmácia, a quem designaba co nome de Don Hilarion. Este non se considerou no caso de continuar a política do seu antecesor na elección de representante da República na Argentina. Ao cabo de varios meses, foi encarregado do tal cometido don Angel Osorio y Gallardo, que nas Cortes Constituyentes de 1931 se increbrou, na sua calidez de Deputado, como "monárquico sin rey, al servicio da República". En Paz Andrade acho que don Angel foi como embaixador trasladado desde o mesmo cárgeo en Paris, onde se colocou a Marcelino Pascua. Se así ocorreu, ignoro as causas polas que Osorio podía ostentar un título que non podia ostentar Castelao.

Mais Castelao non posuía a formación jurídica que consideraba necesaria para desempeñar eficazmente o seu futuro cometido, e quería ter ao seu lado en calidad de asesor una persoa de toda a sua confianza que cumprisse a condición indicada. O Ministro manifestou-lle que se lle agraciaria a persoa que solicitase, e Castelao solicitou ao diplomático Luís Tobío Fernández, figura importante no galeguismo cultural dos anos vinte e presente na fundación do Partido Galeguista. Mais este diplomático era indispensábel nas oficinas do Ministério, e Castelao foi invitado a propor outro nome. Entón deu o de outro correligionario, tamén membro fundador do Partido, que se encontraba daquela ao servizo do Ministério da Defensa Nacional, proposta que obti-



Á fala con Castelao



Apunte do natural do mosteiro de Acibeiro.

de Castelao e da persoa que o propuxera para acompañalo, cando já ese proyecto fora desbotado. Castelao pensara nesa persoa porque tiña formación jurídica, era o seu correligionario e o trataba familiarmente. Quería tamén facilitar-lle a posibilidade de reunir-se na Argentina coa súa muller, que vivía en Galiza, e a filha que nacería do seu matrimonio, a quien non vira ainda, e había tardar vários anos en coñecer.

Lembro que Castelao cría que de todos os jeitos, o tempo dun ano máis ou menos, a reunión daquela familia habría-se realizar. A indústria española de guerra era ja capaz de producir un avión por día, e contábamos con, quíntenas mil baionetas. Castelao confiaba na vitória.

As cousas habían decorrer por camiños mui distintos. A vitória non se produciu. Castelao non regresou a Galiza. E o seu acompañante no paese polo parque valenciano, so pudo reunir-se coa súa familia en 1941.

Castelao foi ministro no exilio baixo a presidencia de Don Hilarion a apoio denodadamente a Giral cando os correligionarios de Alvarez del Vayo, que deseaban aliárselle cos monárquicos de don Juan de Borbón, reñiram a súa ajuda ao professor de Farmácia. Son moitas, son moitas as vozes que o mundo dão.

Como dicía o señor Foco, son cativas. Mais para os casteláis, nada é cativo se concerne ao grande Castelao.

PROXIMA APARICION

CASTELAO A DIREITA
E OUTRAS MEMORIAS

luis soler

UN NOVO EXITO DA COLECCION MONTES e FONTES

Á VENDA EN FEBREIRO



edicións xerais de galicia, s.a.
Dr. Marañón, 10. Tel. 29 61 16 - 29 62 32. VIGO
N. 214 / DO 4 AO 17 DE FEBRERO / 1983